

Víctor Ledo, reelexido Secretario Xeral de CC.OO.

de Industria – Galicia co 97 % dos apoios

Ourense, a 30 de Marzo de 2017

CCOO de Industria – Galicia celebrou o seu II Congreso hoxe en Ourense. A candidatura á Comisión Executiva encabezada por Víctor Ledo obtivo o 96,5 % de votos favorables.

Acompáñano nesta nova andadura Leila Piñeiro, Francisco Méndez, José Hurtado, Francisco Vilar, Mercedes Carrera, Inmaculada Santamarta, Pedro Comesña e Cristóbal Álvarez.

O recén elixido prometeu máis traballo e máis presenza activa nas empresas para esta nova etapa, cos ollos postos no obxectivo de combatir a precariedade salarial e social que levamos padecendo anos.

Nesta xornada tivemos a fortuna de contar coa presenza do noso Secretario Xeral Confederal, Ignacio Fernández Toxo, que na súa intervención ao pleno fixo fincapé na idea de que, aínda que a propaganda gubernamental e os datos macroeconómicos apunten a que a crise está superada, o mundo de traballo continúa sumido na espiral de contratos basura, baixos salarios e xornadas maratonianas pagadas en negro ou, en moitos casos, non pagadas en absoluto. As dúas reformas laborais promovidas por PSOE e PP (2010 e 2012) acadaron, por desgraza, os seus obxectivos: precariedade e individualización das relacións laborais. Se iso non fose emergencia social suficiente, tamén está a afectar gravemente á caixa da Seguridade Social, con consecuencias que paga toda a sociedade no seu conxunto. Ten que ser un obxectivo prioritario do sindicalismo destes novos tempos derogar estas normas ou, cando menos, traballar intensamente para paliar ao máximo os seus efectos.